


Grupo  
Parlamentario  
Plurinacional

Sumar


**Á MESA DO CONGRESO DOS DEPUTADOS**

**O Grupo Parlamentario Plurinacional Sumar, de conformidade cos artigos 193 e ss do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate na Comisión de Industria respecto da oposición á macrocelulosa ALTRI e evitar así a instalación dunha bomba ambiental no corazón de Galicia**



**Verónica Martínez Barbero**  
Portavoz do GP Plurinacional SUMAR

Palacio do Congreso, Madrid, 19 de marzo de 2025



**Manuel Lago Peñas**  
Deputado do GP Plurinacional SUMAR

## EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado venres, 14 de marzo, o Goberno da Xunta de Galicia publicou no Diario Oficial de Galicia a declaración de impacto ambiental da macrocelulosa ALTRI para autorizar a súa instalación nunha zona que afecta aos concellos de Melide, Santiso, Agolada e Palas de Rei. Este proxecto, impulsado por un consorcio formado pola portuguesa ALTRI e unha empresa galega, afectará aos citados concellos, pertencentes a tres provincias galegas distintas, ao estar próximos ao centro xeográfico da comunidade. Ademais, instálase preto do río Ulla, do que consumirá auga e ao que emitirá as augas residuais da súa actividade. Este río percorre posteriormente unha ducia de concellos ata desembocar na ría de Arousa.

Esta planta foi obxecto de polémica desde que o seu deseño final se fixo público en marzo de 2024.

Primeiro, pola extensión do terreo a ocupar, nunha zona de alto valor ecolóxico e paisaxístico, ao estar xunto a unha Zona de Especial Conservación e Zona de Especial Protección dos Valores Naturais, a Serra do Careón. Trátase de 360 hectáreas de terreo que foi incluída como “zona de amortiguación” da Rede Natura no documento exposto ao público da Estratexia de Infraestruturas Verdes da Xunta de Galicia, ata a súa desaparición na versión definitiva publicada no Diario Oficial.

Segundo, polo seu elevado consumo de auga, procedente do encoro de Portomouros, e cuxo estado se atopa actualmente “cun potencial ecolóxico menos que bo”, segundo a resposta escrita da Comisión Europea ás preguntas da eurodeputada Estrella Galán. Espérase un consumo de 46 millóns de litros de auga ao día, o que supón unha cifra próxima ao 10% do caudal total do punto de recollida.

Terceiro, polo elevado volume de augas residuais xerado, 30 millóns de litros, a unha temperatura de 27 °C e cunha elevada carga orgánica, co risco que isto supón para un río cuxo estado ecolóxico non é óptimo e sofre frecuentes procesos de eutrofización.

Cuarto, polo enorme consumo de madeira de eucalipto talada, 1,2 millóns de metros cúbicos, o que supón o 20% da produción anual da comunidade, o que seguramente favorecerá novas plantacións dunha especie foránea e invasora, moi destrutiva para os ecosistemas, pirófito e que provoca acidificación e seca no seu medio.

Quinto, pola altísima cantidade de contaminantes emitidos á atmosfera, cuxos datos en todo caso non parecen estar completos na documentación publicada, posto que non se especifican estimacións para a maioría dos contaminantes habituais na industria. O proxecto non inclúe cálculos de emisións de gases de efecto invernadoiro (ou partículas en suspensión) a pesar de que pretende recadar 250 millóns de euros de diñeiro público a través da liña de fondos PERTE para a descarbonización industrial. Segundo estimacións a partir dos datos parciais da empresa, algúns dos contaminantes emitidos superarían o total emitido polas outras 8 fábricas de celulosa existentes no Estado, sen que se propoñan as medidas de mitigación suficientes para evitar que se converta, sen dúbida, nunha das industrias máis contaminantes de Galicia.

Sexto, polo altísimo impacto negativo que tería na economía local, xa que se propón a creación de 500 postos de traballo directos, a cambio de pór en perigo a industria turística vinculada ao Camiño de Santiago que pasa a escasos 3 kilómetros, así como a todo o sector primario que depende da boa calidade do aire, da auga e do solo de toda esta contorna. Multitude de proxectos empresariais de tipo familiar, pequenos emprendedores, cooperativas e outras iniciativas vinculadas á economía local e ao desenvolvemento sostible correrían grave perigo se este proxecto tirase adiante.

Sétimo, polo enorme impacto visual e estético dunha planta destas dimensións, que implicaría a instalación dunha cheminea de 75 metros de altura para garantir que as emisións non afectarán á saúde humana nin ao medio ambiente segundo a normativa vixente.

Oitavo, polos riscos de contaminación e impacto na ría de Arousa, que se sitúa río abaixo e que xera milleiros de postos de traballo vinculados á extracción e transformación de produtos do mar, así como ao turismo. Trátase dunha ría que xa sofre un enorme impacto derivado da actividade humana, contando cunha elevada poboación nas súas marxes, ademais de multitude de instalacións industriais e cultivos de todo tipo. A chegada dun abastecemento de auga cargada de restos orgánicos e industriais podería ser a gota que colme o vaso que acabe por romper o precario equilibrio da ría.

Todo o anterior provocou un rexeitamento xeral da sociedade galega, especialmente das poboacións dos concellos directamente afectados, así como dos situados á beira do río e xa na propia ría de Arousa.

Case 100 mil persoas percorreron o 15 de decembro o centro de Santiago de Compostela, mostrando o seu rexeitamento á instalación da fábrica de celulosa no corazón de Galicia. O visto e prace da DIA recibíuse con ducias de concentracións. E recibiu unha contundente resposta de todos os partidos da oposición en Galicia, incluídos os gobernos municipais afectados, así como do tecido social e da defensa ambiental.

Foi e é un movemento que pretende defender a economía das rexións afectadas pola ameaza da implantación da macrocelulosa, que son territorios moi vinculados á produción primaria, tanto agrícola como gandeira, como a pesca e o marisqueo, que basean a súa estrutura económica e boa parte da súa vida social en actividades sostibles, altamente xeradoras de emprego, vinculadas á calidade do aire, da auga, do medio e do mar.

Pola súa banda, a compañía tamén pretende acadar 250 millóns de euros de diñeiro público a través da liña de fondos PERTE para a descarbonización industrial. Aseguran que sen eles a construción da fábrica non podería ser viable.

Na concesión destes fondos débese aplicar con rigor o principio DNSH que inspira á Unión Europea, principio de NON causar danos significativos ao medio ambiente, condición definida pola Comisión Europea que obriga a realizar unha autoavaliación para garantir que o investimento non afecte negativamente a ningún dos 6 obxectivos ambientais definidos no regulamento 852/2020 de Mitigación do Cambio Climático.

O modelo industrial de ALTRI é propio do século pasado, e en ningún caso pode pretender nin aspirar a ser un exemplo de "industria sostible". Non o é no seu proceso, que consome un enorme volume de auga e emite enormes cantidades de contaminantes ao solo, ao aire e ao río. A creación de 500 postos de traballo directos non xustifica esta intervención na paisaxe, e menos aínda se require un financiamento público de tal calibre.

Así mesmo, hai que considerar que a instalación dunha nova celulosa en Galicia, a segunda despois de ENCE, é un grave erro de estrutura económica e de especialización produtiva para Galicia, pois como demostrou ENCE, xa instalada na ría de Pontevedra, unha macro celulosa é unha industria de enclave, que non xera riqueza e benestar no territorio onde se implanta, á vez que ten un custo ambiental e económico enorme e a longo prazo que é asumido polo territorio.

Así mesmo, a posta en marcha dunha nova planta de produción de celulosa coa estratexia de descarbonización da industria semella afastada do obxectivo dos fondos Next Generation, pois é ao revés, deben ser destinados a descarbonizar as fábricas xa instaladas en Galicia, en ningún caso financiar novas plantas que agraven o problema das emisións de gases de efecto invernadoiro.

Por todo o anterior preséntase o seguinte:

## PROPOSICIÓN NON DE LEI

O Congreso insta ao Goberno a:

1. Adoptar tódalas medidas necesarias para garantir a transición cara a un modelo de industrialización verde, como oportunidade para construír unha economía máis xusta e sostible, para producir sen destruír, garantindo emprego de calidade e respectando os límites do planeta, rexeitando a política industrial que se basea na depredación do territorio, o acaparamento de recursos hídricos ou a imposición de megaproxectos que benefician a uns poucos, a conta das comunidades rurais.
2. Denegar a solicitude de concesión de 250 millóns de euros de fondos Next Generation ao proxecto ALTRI, pola súa manifesta incompatibilidade cos criterios establecidos pola Unión Europea, especialmente polo seu dano ambiental.
3. Adoptar as medidas necesarias para que a decisión de instalar macrocelulosa ALTRI en Palas de Rei non poida adoptarse sen o apoio dos cidadáns afectados mediante referendo consultivo.